

PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA DE NADAL

“SÓ O AMOR O ILUMINA TODO”

27 de novembro de 2022- 6 de Xaneiro de 2023

- A observación da nosa realidade pon de manifesto que:
 - *tres de cada dez fogares non contan con ingresos suficientes para alcanzar unhas condicións de vida dignas* (Informe 2022 [“El coste de la vida y estrategias familiares para abordarlo”](#). Cáritas/FOESSA)
 - *a luz e o gas son gastos ineludibles, sobre todo, se o fogar integra menores de idade ou persoas dependentes. Seis de cada dez fogares reduciron o consumo de electricidade, auga ou calefacción, e un 22% tivo que pedir axudas para pagar os seus suministros* (Informe 2022 [“El coste de la vida y estrategias familiares para abordarlo”](#). Cáritas/FOESSA)
 - *o pago da vivenda e dos subministros están a ser un quebradeiro de cabeza para moitos fogares, sobre todo para aqueles máis vulnerables*
 - *este inverno vai ser especialmente duro para moitas familias*
 - *Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol acompañou en 2021 a 92 familias integradas por 191 persoas* (Memoria CD 2021)
- A Igrexa dinos que:
 - **“ A proximidade aos pobres contribúe a crear fraternidade, a sentirnos comunidade, a vivir con máis sensibilidade e dispoñibilidade ... fronte aos pobres non se fai retórica, senón xestos de solidariedade ...”** (Carta Pastoral do Obispo Fernando na Xornada Mundial dos Pobres)
 - **“ A solidariedade exprésase concretamente no servizo, que pode asumir formas moi diversas de facerse cargo dos demais. O servizo é, en grande medida, coidar da fragilidade dos demais”** (Carta Encíclica *Fratelli Tutti* do Papa Francisco)

- Ante esta situación:

- *estamos chamados a ser luz, a poñer en valor a capacidade de amor polos demais, nun contexto social no que moitas familias viven en situación de pobreza e con escasas oportunidades de futuro,*
- *Queremos seguir sendo fieis á nosa misión, traballando para que as persoas máis vulnerables e excluídas teñan unha vida mellor*

Fai o teu donativo:



**Na Cáritas da túa parroquia,
nº conta:**



**Na web,
www.caritas.es/mondonedoferrol**



Por Bizum, código 38378

Ou tamén:

**Entrega este sobre
coa túa aportación,
na túa Cáritas.**

